



### **BASES: I CERTAME DE GRUPOS LOCAIS DE CEDEIRA**

1ª. - Poderán participar neste certame tódalas formacións que o desexen e que teñan a Cedeira como base de desenvolvemento da súa actividade, e que acaden un mínimo de 3 puntos de valoración.

2ª.- O certame terá lugar en catro datas distintas, 5 e 6 de agosto, dentro do marco do Festival Discalz@s 2022, e o 13 e 14 de agosto na programación das Festas de Cedeira 2022. Os grupos seleccionados realizarán unha soa actuación nunha das datas propostas.

3ª. – A inscrición realizarase de xeito presencial ou a través de sede electrónica no prazo de 6 días naturais a contar desde o día seguinte á publicación destas bases no taboleiro electrónico único. Cada formación participante incluírá na súa solicitude unha declaración responsable cos seguintes datos: o nome da mesma, estilo de música, nome completo e DNI de todas e todos os participantes, se están empadroados en Cedeira ou non (con antigüidade maior a 6 meses), rider completo do grupo, ubicación do espazo onde realizan ensaios, memoria de actividade dos últimos dous anos, e de ser posible mostra ou enlace a algunha gravación.

4ª. – As formacións non poderán contar con máis de 10 compoñentes.

5ª. – O certame será de concorrencia competitiva até un máximo orzamentario de 5.000 €

6ª. – As formacións accederán a un premio pola súa inclusión no certame consistente en 100 € para cada unha das persoas participantes da mesma por día de actuación.

O premio entregarase de xeito individual, unha vez rematado o certame, presentando a solicitude correspondente no rexistro de xeito presencial ou a través da sede electrónica no que se incluírá o nome da persoa participante e o seu DNI (que deberá corresponderse co nome e DNI achegado na solicitude de participación), formación a que pertence, data do concerto e número de conta no que se realizará o ingreso do premio.

Os participantes que formen parte de máis dunha formación, no suposto de coincidir as actuacións das formacións nun so día, accederán só a un premio.

7ª – A valoración das formacións realizarase do seguinte xeito:

- Participantes empadroados en Cedeira no grupo, con antigüidade superior a 6 meses –  
1 punto 50 % de participantes na formación empadroados en Cedeira  
3 puntos 100% de participantes na formación empadroados en Cedeira)
- Actuacións realizadas nos últimos dous anos en Cedeira – 1 punto por actuación
- Localización do local de ensaio en Cedeira –2 puntos

A comisión de valoración estará composta por persoal das concellerías de facenda, turismo e cultura.

8ª. – O concello poñerá a disposición dos grupos o equipo de sonido exterior, monitoraxe e iluminación suficiente para a realización do concerto, adaptado aos riders de cada grupo e escenario de 14x10 m.

9ª. – O equipo de escenario (instrumentos e amplificadores específicos de cada instrumento) será aportado polos grupos, acordándose entre os participantes en cada xornada.

10ª.- As persoas participantes autorizan ao concello a verificar a autenticidade dos datos aportados.

11ª. – A participación neste certame implica a aceptación total das presentes bases.